

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)**ANUNCIO DO TRIBUNAL PROCESO SELECTIVO TRABALLADOR/A SOCIAL OEP 2024  
LABORAL FIXO: APERTURA CÓDIGOS 3º EXERCICIO, PUNTUACIÓNS TOTAIS E  
PROPOSTA DE CONTRATACIÓN**

EXPEDIENTE: 2024/E001/000016

O 13.02.2025 o tribunal reúne para a apertura de sobres identificativos do terceiro exercicio da fase de oposición celebrado o 30.01.2025 e unha vez resoltas as alegacións formuladas na última acta do 11.02.2025.

Os resultados son os seguintes:

CÓDIGO	NOME	APELIDOS	DNI	PUNTOS	RESULTADO
SPXG60A4	NOELIA	ALFONSO MARQUES	***3732**	15,00	APTA
L1Y42GX4	MERCEDES	CARNERO BELLON	***0566**	20,00	APTA
NRKNUUP7	ÓSCAR JOSE	RODRIGUEZ LOPEZ	***4171**	15,00	APTO

Os/as tres aspirantes que superaron o terceiro exercicio están exentos da realización do cuarto exercicio (proba de galego) ao teren presentado, no prazo de presentación de instancias, o Celga 4 ou equivalente.

Así pois, finalizado o proceso selectivo as puntuacións totais son as seguintes, ordenando as persoas aspirantes de maior a menor puntuación:

NOME	APELIDOS	DNI	CONCURSO	NOTA 1º	NOTA 2º	NOTA 3º	TOTAL
MERCEDES	CARNERO BELLON	***0566**	13,00	11,89	11,06	20,00	55,95
ÓSCAR JOSE	RODRÍGUEZ LÓPEZ	***4171**	11,80	10,13	11,42	15,00	48,35
NOELIA	ALFONSO MARQUES	***3732**	10,15	10,13	10,18	15,00	45,46

Así o tribunal acorda:

**PRIMEIRO.-** Proponer o nomeamento como Traballador/a Social, persoal laboral fixo do Concello da Laracha a:

- MERCEDES CARNERO BELLON, CON DNI \*\*\*0566\*\*

**SEGUNDO.-** Aprobar a seguinte bolsa de emprego por esta orde:

POSICIÓN	NOME	APELIDOS	DNI
1	ÓSCAR JOSE	RODRÍGUEZ LÓPEZ	***4171**
2	NOELIA	ALFONSO MARQUES	***3732**

**TERCEIRO.-** Elevar a dita relación á Alcaldía, para que resolva a contratación da aspirante proposta.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe [na https://sede.alaracha.es](https://sede.alaracha.es).





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

De acordo ca base 8ª da convocatoria, no prazo de **vinte días naturais** contados dende o seguinte a aquel no que se teña publicado a relación de aprobados/as, a persoas aspirante proposta para a súa selección e nomeamento deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

a) Aceptación expresa do posto.

b) Declaración responsable de non estar separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de funcionarios/as do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.

c) Certificado médico oficial asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que se posúe a capacidade funcional (capacidades e aptitudes físicas e psíquicas) necesaria para o desempeño das funcións e tarefas da praza que se accede.

d) Declaración responsable de non atoparse incurso/a en causa algunha de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

e) Número de afiliación á seguridade social.

f) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.

g) Modelo 145 da AEAT

Se no prazo e forma antes indicados (agás nos casos de forza maior debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía) a persoa proposta para a súa selección e nomeamento non presentaran a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reúnen os requisitos esixidos, non poderán ser nomeada e entenderase renuncia/desestimento dos seus dereitos inherentes; e isto sen prexuízo das responsabilidades nas que, de ser o caso, puideran incorrer por falsidade. E a Alcaldía propondrá e resolverá, con arranxo á orde de prelación resultante da puntuación acadada no proceso selectivo, o nomeamento dun/dunha integrante da relación complementaria de aspirantes que tiveran superado todas os exercicios obrigados da fase de oposición.

3. Cumpridos os requisitos precedentes, a Alcaldía resolverá o nomeamento da/o aspirante proposta/o, que deberá asinar o contrato laboral e incorporarse na data sinalada ao efecto e, en todo caso, no prazo máximo dun mes dende o día seguinte ao da publicación da dita resolución de nomeamento no BOP (así como no taboleiro de anuncios e páxina web municipais); de tal xeito que a súa eficacia estará condicionada/supeditada á posterior e efectiva toma de posesión/incorporación, no prazo sinalado.





**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

De non cumprir co dito prazo de toma de posesión/incorporación, sen existir causa xustificada (casos de forza maior, debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía), entenderase que renuncia/desiste dos seus dereitos inherentes, deixando sen efectos a resolución de nomeamento previa. E a Alcaldía propondrá e resolverá, con arranxo á orde de prelación resultante da puntuación acadada no proceso selectivo, o nomeamento dun/dunha integrante da relación complementaria de aspirantes que tiveran superado todas os exercicios obrigados da fase de oposición (e que, segundo o exposto anteriormente, conformarían a bolsa de emprego derivada de cada convocatoria).

Asina o presidente do tribunal electronicamente

CVD: aca999YLn3acOgRqBSzk Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe [na https://sede.alaracha.es](https://sede.alaracha.es).

